

MANIFESTO DO DÍA DO PEÓN 2007
(ELABORADO POLO ALUMNADO DO GRUPO 4º ESO A DO IES MELIDE)

Eu quero ver un milleiro de **buxainas** a bailar
porque é a tradición do noso pobo e as miñas tradicións
son a miña identidade.

Eu quero ver un milleiro de **trompos** a bailar
porque así construimos a nosa historia.

Eu quero ver un milleiro de **peóns** a bailar
para que a nosa lingua “role” nas mans dos nosos cativos.

Eu quero ver un milleiro de **pimpionetas** a bailar
porque nos unen na diversión.

Eu quero ver un milleiro de **panquentes** a bailar
porque simbolizan o bulebule da Galiza que camiña sen
vagar cara ao seu futuro.

Eu quero ver un milleiro de **bailaretas** a trompear
porque si.